



## Concello de Portomarín

---

### **PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERAN O PROCEDIMENTO ABERTO TRAMITADO PARA ADXUDICAR MEDIANTE CONCESIÓN DO SERVIZO PUBLICO DE PISCINA E BAR MUNICIPAL EN PORTOMARÍN.**

#### **1.-OBXECTO DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PUBLICO.-**

E obxecto da contratación da xestión do servizo público mediante a modalidade de concesión, o mantemento, explotación e aproveitamento orixinados pola prestación do Servizo Público de Piscina e Bar Municipal.

CPV: 92610000

Os servizos a prestar son os seguintes:

- \* Solicitar/tramitar a correspondente autorización sanitaria de funcionamento para a instalación
- \* Recepción e control de accesos a Piscina Municipal de verán.
- \* Velará polo correcto uso e funcionamento das zonas de Piscinas, instalacións e equipamentos.
- \* Servizo de Socorrismo, salvamento e primeiros auxilios, segundo lexislación vixente.
- \* Limpeza e mantemento dos vasos, das instalacións exteriores e sala de máquinas da Piscina Municipal de verán, incluso o Plan de autocontrol.
- \* Venta de bebidas, snaks, xeados, bocadillos, pinchos, etc.
- \* Controis de cloro, auga, etc.

#### **2.-PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN:**

A forma de adxudicación será o de procedemento aberto baseado en varios criterios de adxudicación.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta máis vantaxosa atenderanse a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, conforme se establece na correspondente cláusula deste prego, e nos artigos 138, 150.1, 157, 161, 275 e ss. do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro.

Neste procedemento todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 157 do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

#### **3.-PRAZO DE CONCESIÓN E TIPO DE LICITACIÓN:**

A concesión outorgarase por un prazo de 2 tempadas estivais, comezando coa presente 2018 e terminando na tempada do ano 2.019, poderase prorrogar por períodos de unha tempada ata un máximo de dúas, feito que se producirá de xeito automático se nos 2 meses seguintes a finalización do contrato ningunha das partes manifesta por escrito a outra seu propósito de dar por extinguido o mesmo.



## Concello de Portomarín

---

O adxudicatario obterá os seus ingresos da venda dos servizos que preste na piscina de verán e que son obxecto de explotación neste contrato. Os usuarios da piscina deberán aboar ao concesionario as tarifas establecidas na ordenanza de prezos correspondente e recollidas no Anexo III destes pregos. Así mesmo, en canto a explotación da venda de bebidas, snacks, etc... respetaránse os prezos e limitacións que se establecen no Anexo IV do Prego de Prescricións Técnicas.

**REVISIÓN DE PREZOS:** A revisión dos prezos terá lugar para os prezos de venda de bebidas, snacks, etc..., cando transcurrirá un ano dende a súa adxudicación, tomando como referente o IPC interanual, no seu caso. As tarifas e a súa revisión, serán de competencia en todo caso do organismo municipal convocante.

O tipo mínimo de canon global anual a satisfacer ao Concello por parte do concesionario fíxase na cantidade de 363,00 €, IVE incluído, independentemente do nivel de uso do servizo, actualizándose anualmente segundo o Índice Xeral de Prezos ao Consumo (IPC).

O tipo mínimo de canon anual queda desagregado nun valor estimado de 300,00 € e o I.V.E. de 63,00 €.

#### 4. CREDENCIAL DA APTITUDE PARA CONTRATAR.

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións para contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

##### 4.1.- A **capacidade de obrar** do empresario acréditase:

- a) Os empresarios que foran **persoas xurídicas** mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no Rexistro Público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- b) Os empresarios **non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea** pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.
- c) **Os demais empresarios estranxeiros**, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular no ámbito territorial na cal radique o domicilio da empresa.

4.2. A proba, por parte dos empresarios, da **non concorrencia** dalgunha das **prohibicións para contratar** reguladas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro poderá realizarse:

- a) Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.



## Concello de Portomarín

---

- b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade esta prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

### 4.3. A solvencia do empresario:

4.3.1.- A **solvencia económica e financeira** do empresario deberá acreditarse tal e como dispón o artigo 75 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro (modificado pola Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público), por un varios dos seguintes medios:

- a) Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refire o contrato, por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato, ou no seu defecto ao establecido regulamentariamente. **O volume anual de negocios non será inferior a 1.000,00€ (MIL EUROS)**
- b) Nos casos nos que resulte apropiado, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, no seu defecto, ao establecido regulamentariamente.
- c) Patrimonio neto, ou ben ratio entre activos e pasivos, ao peche do último exercicio económico para o que esté vencida a obriga de aprobación de contas anuais por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, no seu defecto, ao establecido regulamentariamente.

A credencial documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase mediante a achega dos certificados e documentos que para cada caso se determinen regulamentariamente. En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas das Administracións Públicas acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

4.3.2. Nos contratos de xestión de servizos públicos, a **solvencia técnica ou profesional** dos empresarios tal e como dispón o artigo 78 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro (modificado pola Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público), deberá apreciarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que deberá acreditarse, segundo o obxecto do contrato, por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos que inclúa importes, datas e destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido polo estes ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán



## Concello de Portomarín

---

- comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.
- b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.
  - c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.
  - d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación, ou, en nome de este, por un organismo oficial ou homologado competente do estado no que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo de dito organismo. O control versara sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade.
  - e) As titulacións académicas e profesionais do empresario e dos persoal directivo da empresa e, en particular do persoal responsable da execución do contrato.
  - f) Nos casos axeitados, indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.
  - g) Declaración sobre o achegará cadro de persoal media anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.
  - h) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se adxuntará a documentación acreditativa pertinente. Deberá contar como mínimo con maquinaria para limpeza das instalacións.
  - i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

### 5. PRESENTACIÓN DE OFERTAS E DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.

As ofertas presentaranse no Concello de Portomarín (Rexistro Xeral), en horario de 9:00 a 14:00 horas, dentro do prazo de QUINCE DÍAS NATURAIS contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP de Lugo, e no Perfil do Contratante da páxina web do Concello ([www.concellodeportomarin.es](http://www.concellodeportomarin.es)).

As ofertas poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando as ofertas se envíen por correo, (Concello de Portomarín, Praza Conde Fenosa, 1, 27.170 Portomarín – Lugo) o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax (982-545104) ou telegrama no mesmo día, consignándose o número de expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida neste polo Secretario do Concello. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dous días seguintes a esa data sen que se recibira a documentación, esta non será admitida.



## Concello de Portomarín

---

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional decimoquinta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición (sen prexuízo do establecido nos artigos 147 e 148 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento no que deba procederse a apertura en público das mesmas.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que fará constar a denominación do sobre e a lenda “ **Proposición para licitar a contratación da xestión do servizo público de PISCINAS E BAR MUNICIPAL DE PORTOMARÍN mediante a modalidade de concesión, procedemento aberto, varios criterios de adxudicación**”. A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre “A”: Documentación Administrativa.
- Sobre “B”: Proposición Económica e Documentación Técnica.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada destes:

### **SOBRE “A” DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**

#### **a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.**

#### **b) Documentos que acrediten a representación.**

- Os que comparezan ou asinen ofertas en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, bastantado por o Servizo de Asistencia e Defensa Xurídica das Corporacións Locais da Excm. Deputación Provincial de Lugo, notario ou avogado en exercicio.
- Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.



## Concello de Portomarín

---

- Igualmente a persoa con poder bastantado para os efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

**c) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro .**

Esta declaración incluírá a manifestación de acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación , polo empresario ao favor do cal se vai efectuar esta.

**d) Os que xustifiquen os requisitos da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.**

**e) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.**

**f) Documento no que conste a dirección de correo electrónico, fax e teléfono fixo ou móbil a través do cal se lle poidan remitir as comunicacións que se estimen pertinentes seguindo o modelo que se detalla a continuación:**

“D.....con domicilio para os efectos de notificacións en.....,c/.....nº.....con D.N.I nº.....en representación da Entidade.....con C.I.F.nº....., comunico que a dirección de correo electrónico, número de fax, así como de teléfono fixo e/ou móbil a través dos que se poden establecer unha vía de comunicación con esta empresa no que toca a este procedemento son os que a continuación se relacionan:

- Dirección de correo electrónico:.....
- Número de Fax:.....
- Número de teléfono/s fixo e móbil:.....

En....., a.....de.....de.20.....

Sinatura do licitador,  
Asdo:.....

### **SOBRE “B” PROPOSICIÓN ECONÓMICA e DOCUMENTACIÓN TÉCNICA**

**a) Proposición económica.**

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

“D.....con domicilio para os efectos de notificacións en.....,c/.....nº.....con D.N.I



## Concello de Portomarín

---

nº.....en representación da Entidade.....con C.I.F. nº....., decatado do expediente para a contratación da xestión do servizo público de PISCINAS E BAR MUNICIPAL DE PORTOMARIN mediante a modalidade de concesión, procedemento aberto, varios criterios de adxudicación, an unciado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº....., de data ....., fago constar que coñezo os Pregos que serve de base ao contrato e acéptoos integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a levar ao meu cargo a execución de dito servizo, con estrica suxeición aos requisitos e condicións establecidas, por importe seguinte:

Canon .....euros anuais, sendo o orzamento de licitación a cantidade de .....euros anuais IVE incluído. Este canon corresponde a primeira anualidade cos aumentos que para ano de concesión se sinalan no Prego de Condicións.

En....., a.....de.....de.20.....

Sinatura do licitador,  
Asdo.:.....

b) Documentos que permitan a Mesa de contratación valorar as condicións das ofertas.

- 1.- Historial e experiencias acreditadas na realización deste tipo de servizos.
- 2.- Propostas para ofrecer unha mellor calidade do servizo e memoria na que se describen a forma de prestación dos servizos (Plan de xestión).
- 3.- Proposta de ampliación dos días e horario de apertura, de ser o caso.

As melloras estarán directamente relacionadas co obxecto e/ou condicións do contrato obxecto de licitación. Presentaranse de forma clara, expresa e con valoración económica aproximada das mesmas.

### 6. MESA DE CONTRATACIÓN.

En virtude do disposto no punto 10 da Disposición Adicional Segundo do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, a Mesa de Contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma e actuará como secretario un funcionario da Corporación, formaran parte de ela ao menos catro vocais sendo a súa composición a seguinte:

- Presidente: O Sr Alcalde.
- Vogais: Dous funcionarios da Excma Deputación Provincial de Lugo e o Sr Secretario-Interventor.
- Secretario: A funcionaria D<sup>a</sup> Alicia de la Iglesia López.

### 7. GARANTIAS.

Garantía definitiva.- Constituirase unha garantías definitiva equivalente ao 5% do importe da adxudicación dos dous anos de duración do contrato (excluído IVE).

### 8. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Para a valoración das ofertas e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios de adxudicación.



## Concello de Portomarín

---

As propostas admitidas serán valoradas conforme os seguintes criterios obxectivos que se determinan a continuación, por orden decrecente de importancia e segundo a ponderación que se indica:

**Puntuación total máxima 100 puntos.**

**1ª.- Maior canon ofertado a favor do Concello .....ata 65 puntos**

Outorgarase a puntuación máxima a oferta menor, 0 puntos a coincidente co tipo de licitación e, ao resto, proporcionalmente segundo a seguinte fórmula:

$Puntuación = 65 \times (\text{oferta menor} / \text{oferta a valorar})$

**2ª.- Historial e experiencia na realización deste tipo de servizo.... ata 15 puntos**

Outorgarase 3 puntos por cada ano de experiencia, menosprezándose as fraccións de meses.

**3ª.- Melloras no plan de xestión da piscina ou memoria de actividade.... ata 5 puntos.**

Deberá indicarse na mesma como mínimo:

- Recursos persoais, con expresión da dedicación, número de traballadores por dedicación, función, recursos.....
- Recursos materiais para a xestión da instalación.
- Programa de mantemento hixiénico-sanitario da piscina e limpeza.
- Información relativa a prestación e organización do servizo.
- Controis obxecto da realización.

**5ª.- Ampliación da tempada de apertura.... ata 10 puntos**

Partindo do período mínimo fixado no prego de prescricións técnicas (20 de xuño a 10 de setembro), valorarase con 1 punto cada día adicional que se adiante a apertura do local, sen poder revasar en ningún momento os horarios dos límites legais.

**6ª.- Ampliación do horario proposto.... ata 5 puntos**

Partindo do horario mínimo fixado no prego de prescricións técnicas, valorarase con 2,5 puntos cada hora adicional de apertura do local, sen poder revasar en ningún momento os horarios dos límites legais.

Para a valoración das melloras deberase especificar o custo das mesmas. Non serán obxecto de estimación aquelas propostas de servizos que xa están incluídos na prestación obxecto do contrato, e deban figurar no Plan ou memoria de xestión, deben ser melloras adicionais.

Para a valoración destes criterios, aplicarase unha regra de tres, outorgándose a maior puntuación a oferta mais vantaxosa.

## 9. APERTURA DE PROPOSICIÓNS.

Levaranse a cabo de conformidade co disposto nos artigos 25 a 30 do Real Decreto 817/2009 do 8 de maio.





## Concello de Portomarín

---

A Mesa de Contratación constituirase o TERCEIRO día hábil, que non sexa sábado, tras a finalización do prazo de presentación das proposicións. Acto seguido cualificarase a documentación administrativa contida no sobre “A”.

A Mesa poderá conceder, se o estima adecuada, un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións subsanables observados na documentación presentada.

Posteriormente, procederá a apertura e exame do sobre “B”, podendo nese momento a Mesa, se así procederá, solicitar cantos informes considere precisos.

Recibidos os informes, reunirase de novo a Mesa realizando proposta de adxudicación provisional ao órgano de contratación.

A adxudicación provisional do contrato deberá efectuarse no prazo de 15 días dende a apertura das propostas, debendo notificarse a mesma aos licitadores e publicándose no Boletín Oficial da Provincia e no perfil do contratante.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte a Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

De conformidade coa anterior proposta o Sr. Alcalde, representante do Órgano de Contratación requirirá ao licitador que presentou a oferta máis vantaxosa para que no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES a contar desde o seguinte a aquel en que recibira o requirimento, presente a DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE:

- Acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias.
- Acharse ao corrente do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- Dispoñer efectivamente dos medios que debe subministrar.
- Constitución da garantía definitiva.

### 10. ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos CINCO DÍAS HÁBILES seguintes á recepción da documentación prevista na cláusula anterior, adxudicación que será motivada, notificada aos licitadores e simultaneamente se publicará no perfil do contratante, artigo 151.4 e 151.5 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro.

### 11. EXECUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

As peculiaridades da execución do contrato, determínanse no prego de prescricións técnicas, que se adxunta a este prego de cláusulas administrativas, de forma expresamente separada.

O contrato formalizarase dentro do prazo de 15 días hábiles a contar desde o seguinte o da notificación da adxudicación definitiva e axustarase ao disposto no artigo 156 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, e se por causas imputables ao adxudicatario non se puidese formalizar o contrato, se poderá acordar a resolución do mesmo, así como a incautación da garantía provisional, de acordo



## Concello de Portomarín

---

co artigo 156.3 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro.

Ao contrato que se formalice unirase un exemplar deste prego de cláusulas administrativas particulares e do prego de prescricións técnicas, que serán asinados polo adxudicatario.

Dito contrato poderá elevarse a escritura pública notarial a solicitude do contratista, en cuxo caso este correrá cos gastos.

### 12.- OBRIGAS DO CONTRATISTA

Son obrigas do contratista:

1.- Serán obrigas do contratista as sinaladas neste Prego e anexos correspondentes, así como as preceptuar como tal na LCSP, debendo prestar os servizos na forma indicada nas cláusulas precedentes.

2.- O adxudicatario estará especialmente obrigado ao cumprimento do disposto no Decreto 103/2005, do 6 de maio, polo que se establece A Regulamentación Técnico Sanitario das Piscinas de Uso Colectivo en Galicia, en todo aquilo que afecte á prestación dos servizo obxecto do contrato.

3.- Deberá atender coa máxima dilixencia o servizo contratado, mantendo en bo estado de funcionamento, limpeza e hixiene as instalacións obxecto do contrato.

4.- Todas as obrigas fixadas no punto SEXTO do prego de prescricións técnicas.

Na data de comezo da prestación dos servizos, procederase polo contratista e polos servizos técnicos que para tal efecto sinale o Concello, a redactar un inventario de todos os materiais, equipos, mobiliario, aparatos e repostos que existan na piscina. O contratista poderá propoñer a adquisición doutros elementos, xustificando debidamente a súa necesidade, e o Concello resolverá libremente se se procede á súa adquisición, quedando entón incluído no inventario. O inventario será subscrito pola Empresa Adxudicataria e o Concello. Á finalización do contrato, ou anualmente de existir prórrogas, se procederá á revisión contraditoria deste, quedando obrigada a adxudicataria a entregar ao Concello todos os bens relacionados en correcto estado de uso.

